

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024604	CRA de Meis	Meis	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	44
4.2. Materiais e recursos didácticos	48
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	49
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	49
6. Medidas de atención á diversidade	49
7.1. Concreción dos elementos transversais	50
7.2. Actividades complementarias	51
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	52
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	53
9. Outros apartados	53

## 1. Introducción

A continuación preséntase unha programación didáctica que recolle o conxunto de plans, estratexias e programas educativos deseñados polo profesorado do CRA de Meis co obxectivo de facilitar o desenvolvemento educativo e persoal do noso alumnado atendendo ás concrecións do currículo, ás características da nosa comunidade escolar, ás peculiaridades do noso alumnado e a unha filosofía educativa baseada nos valores da liberdade e do respecto á infancia.

O CRA de Meis acolle alumnado do 2º ciclo de educación infantil e está conformado por 7 unidades repartidas en 6 escolas: San Martiño, O Marco, San Vicente, Paradela, San Lourenzo e San Tomé (onde hai dúas aulas, nestes momentos sitas en dependencias municipais a causa das obras). Son aulas con alumnado de idades mixtas, non moi numerosas, o que facilita a posibilidade de educar de forma personalizada nun clima tranquilo e familiar, achegándonos ao ideal de poder dar demanda aos diferentes ritmos, necesidades e motivacións do alumnado.

As diferentes escolas contan cunha mestra titora dous apoios de infantil, e profesorado especialista de música, educación física e inglés (cuxas actuacións se vertebran na seguinte programación), equipo de orientación conformado pola mestra de audición e linguaxe, pedagogía terapéutica (compartida) e orientadora (compartida); e unha mestra de relixión (compartida).

A continuación concrétese a programación vertebrada arredor dun plan global e integrador de tódalas aprendizaxes desenvolvido a través dunha única unidade: Arte-llando. Un proxecto anual que acolle a nosa filosofía vivencial, respectuosa e de contacto ca natureza a través da arte, signos de identidade do noso proxecto educativo. Un proxecto que atende ás peculiaridades da nosa comunidade educativa, poñendo o foco nos recursos naturais e artísticos da nosa contorna; e que respecta os intereses e motivacións do alumnado. É vital atender ás súas necesidades e centros de interese neste proxecto vertebrando as actividades de cara a integrar as súas competencias e acadar os obxectivos aquí expostos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1				1	1	1	
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1				1	1		
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1						1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1				1			

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1			1			1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1		
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1				1	1		
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1		1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos	1				1	1	1	1
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1	1	1			
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1		1	1
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1			1	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.		1			1	1		1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Arte-llando	PROXECTO ANUAL NO QUE BAIXO A TEMÁTICA TRANSVERSAL DA ARTE, IMOS ACHEGÁNDONOS A DIVERSOS CENTROS DE INTERESE DO NOSO ALUMNADO TRATANDO DISTINTOS EIXOS DE APRENDIZAXE COMO PINTURA, ARQUITECTURA, ESCULTURA, MÚSICA E CINE, VENCELLÁNDOAS COAS ESTACIÓNS, AS ÁRBORES, ELEMENTOS CULTURAI DA NOSA VILA, FLORA E FAUNA, ETC.	840	X	X	X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Arte-llando	840

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresar no coñecemento do seu corpo desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	TI
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establecer distintas relacións entres obxectos partindo dos seus atributos	
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participar activamente de forma respectuosa en diferentes situacións	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar mensaxes transmitidas en diferentes formatos amosando actitudes de curiosidade e ou respecto.	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade segundo a súa idade, 4 anos	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Empregar os cuantificadores básicos en diferentes contextos	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identificar e asociar algunhas cantidades cos seus números e grafías	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Recoñecer propioceptivamente sensacións captadas a través do corpo	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Empregar diferentes linguaxes artísticas para expresar emocións, desenvolvendo a súa creatividade	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Axeitar o seu modo de comunicación a distintos contextos, situacións e persoas	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Aceptar a súa identidade e progresar na construción dunha imaxe positiva de si mesmo	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñecer na súa contorna elementos xeométricos básicos	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Progresar na coordinación e control do seu corpo atendendo ás características dos obxectos, das accións e da vida cotiá	
CA1.5 - Situar-se adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Situar-se adecuadamente no espazo segundo as nocións espaciais básicas, tomando como referencia o seu propio corpo	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo progresando nas destrezas motoras	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Progresar na descrición e representación gráfica da súa situación espacial	

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Realizar cuantificacións e medicións empregando como unidade de medida o seu corpo e outros elementos	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identificar semellanzas e diferenzas entre perosas	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Progresar na motricidade fina empregando diferentes obxectos, útiles e ferramentas de xogo	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Progresar na utilización de nocións temporais realizando ordenacións de secuencias temporais da vida cotiá	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participar en distintas situacións lingüísticas amosando curiosidade	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identificar e manifestar os propios sentimentos e emocións iniciándose na comprensión das dos demais	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Realizar cuantificacións e medicións empregando como unidade de medida o seu corpo e outros elementos	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Progresar na seguridade en si mesmo en diferentes xogos e situacións da vida cotiá	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Aplicar o método científico en diferentes situacións	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	participar en diferentes situacións comunicativas de uso das dúas linguas cooficiais, fomentando a adquisición das dúas de xeito igualitario	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Progresar na aplicación de estratexias para canalizar a frustración	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participar en contexto de xogo dirixido e espontánea axustándose ás súas posibilidades persoais	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	empregar vocabulario das dúas linguas cooficiais	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos iniciándose no control das súas emocións	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Formular hipóteses e tentar verificalas en relación con diferentes elementos	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	valorar as linguas da contorna	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Tratar de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Progresar na creación e uso de diferentes estratexias na resolución de retos	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Empregar diferentes expresións de convencións sociais básicas	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Progresar no plantexamento dos pasos para a resolución de tarefas tanto analóxicas coma dixitais	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrecer e pedir axuda en diferentes situacións	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Desenvolver actitudes positivas cara a diversidade cultural da contorna	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	participar activamente en situacións de uso da lingua estranxeira	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participar en proxectos progresando no emprego de dinámicas cooperativas	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Progresar na expresión de inquietudes, gustos e preferencias	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activa	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Progresar en movementos de carácter fino en diferentes situacións de xogo e da vida cotiá, e con diferentes útiles e ferramentas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Aumentar o seu repertorio en diferentes aspectos da lingua	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Progresar no desenvolvemento de actitudes de desenvolvemento e coidado cara ao medio natural	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Interpretar diferentes mensaxes comunicativos dos demais	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Progresar no establecemento de relacións causa-efecto nos medios natural e social	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñecer certos hábitos de saúde, alimentación e hixiene	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Empregar a lingua oral como medio de comunicación aumentando progresivamente o seu repertorio	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Identificar de situacións de risco e adaptar o seu comportamento ás mesmas	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identificar algúns elementos naturais imprescindibles na vida das persoas e algunhas características	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Progresar na realización de actividades de autocoidado e coidado da contorna, desenvolvendo actitudes de respecto	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Empregar a lingua oral como instrumento regulador nas interaccións cos demais	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Progresar no descubrimento e recoñecemento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural da contorna	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Empregar a lingua oral para manifestar ideas	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Progresar no coñecemento de características de seres vivos e inertes.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Identificar certas rutinas da secuencia temporal na vida diaria da aula	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Expresar verbalmente o que lle transmiten mensaxes doutras linguaxes	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Valorar a necesidade de coidar e respectar os seres vivos	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Progresar na resolución de actividades da vida cotiá e no respecto das normas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participar con seguridade e iniciativa en xogos e actividades da vida cotiá	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Valorar a linguaxe escrita como medio de comunicación	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identificar o núcleo familiar e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar algunhas características textuais e paratextuais proporcionadas a través de diferentes medios	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Progresar na execución das rutinas da secuencia temporal establecida	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Desenvolver diferentes habilidades grafomotrices	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participar en xogos e actividades colectivas relacionándose de forma axeitada	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Recoñecer diferentes modelos de familias amosando actitudes de respecto.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Producir diferentes textos con escritura convencional ou non	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Progresar no desenvolvemento de relacións axeitadas coas persoas da contorna escolar	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Descubrir diferentes profesións da contorna e algunhas das súas funcións	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe escrita como medio para manifestar o que lle transmiten mensaxes noutras linguaxes	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións da contorna.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Progresar no desenvolvemento do xogo simbólico cos iguais	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Progresar na identificación de elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participar activamente nas actividades de coñecemento das normas social de convivencia	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Progresar no desenvolvemento de destrezas e habilidades para a xestión de conflitos	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participar desenvolvendo actitudes de respecto, en actividades relacionadas con diferentes elementos culturais da contorna	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar algunhas características textuais e paratextuais en textos de uso social	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Usa a biblioteca como fonte de información respectando as normas de uso	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Disfrutar da escoita de difertentes textos literarios	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participación en actividades de aproximación á literatura infantil	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar a súa opinión sobre distintas manifestacións artísticas	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibir e identificar discriminar sons	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participar activamente nas propostas dramáticas e musicais	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar de xeito respectuoso as producións dos demais	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Empregar diferentes linguaxes artísticas como medio de comunicación de emocións e ideas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar a súa opinión sobre diferentes manifestacións artísticas, relacionándoas coas emocións que lle transmiten	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe musical para manifestar o que lle transmiten mensaxes doutras linguaxes	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar as mensaxes transmitidas de xeito artístico e tamén en formato dixital	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Empregar diferentes materiais e técnicas plásticas	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar emocións e ideas a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar as súas opinións sobre diferentes manifestacións artísticas	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar respectuosamente as producións dos demais	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Empregar a linguaxe plástica como medio de comunicación de mensaxes recibidas noutras linguaxes	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explorar as posibilidades da expresión corporal libre	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Tentar axustar o movemento corporal ao espazo e aos demais	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar respectuosamente as producións dos demais	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar o corpo como medio de comunicación de mensaxes recibidas noutras linguaxes	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Familiarizarse con diferentes medios e ferramentas dixitais	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar as mensaxes transmitidas en diferentes linguaxes artísticas ou en formato dixital	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Desenvolver a súa creatividade empregando ferramentas dixitais	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñecer certas normas básicas de uso das ferramentas dixitais	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.</li> <li>- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> </ul>

## Contidos

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e

## Contidos

- expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Os seres vivos e as súas características.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Relacións de parentesco.



## Contidos

- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- A escola.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuizos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

## Contidos

- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Os principios psicopedagóxicos referente da nosa intervención debe ser o de "aprender a aprender" e de "aprender facendo".

A xestión docente basease na formación de competencias.

Para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos.

Crearemos un ambiente de aprendizaxe no que os nenos/as poidan relacionarse cos iguais e adultos, desenvolvendo así a competencia social e emocional.

Os espazos pretenden facilitar o movemento e o desenvolvemento da autonomía e iniciativa. Todas as dependencias son accesibles aos nenos/as. Disporase de espazos propios personalizados e espazos comúns. Planificaremos espazos, tempos e recursos para contribuir ao bo termo das nosas finalidades.

Nas nosas aulas atopamos as seguintes zonas: asemblea, espazo para actividades en gran grupo e microespazos.

Os microespazos son zonas de propostas, a través dos cales os cativos/as poden moverse libremente e escoller aquelas actividades que máis se adecúen ás súas necesidades.

Dependendo do espazo de cada aula, intentaremos manter os seguintes microespazos dentro delas: biblioteca, arte, calma, lecto-escritura, mundos-construcións, lóxica-matemática, xogo simbólico, vida práctica-sensorial.

En canto a organización temporal, a distribución horaria organízase dentro dunha perspectiva globalizada e incluíndo actividades que permitan respectar os ritmos de actividade, xogo e descanso dos nenos/as.

No desenvolvemento da xornada escolar combínanse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e necesidades dos nenos/as, flexible e ao servizo das actividades.

Así, a organización da nosa xornada será:

Entrada flexible entre as 9.00 e as 9.30 horas: Os nenos e nenas, segundo van chegando, colgan a chaqueta, a mochila e poñen as zapatillas.

Elixir entre as propostas de traballo do día, ata, aproximadamente, as 10.00 horas.

Namentres, o encargado do control de asistencia, o do tempo meteorolóxico e o do calendario realizan a súa encomenda. Estámonos a formar neste eido e adquirindo materiais máis manipulativos.

Plan de Actividades físicas e hábitos saudables: Coas cancións motoras (trallas que se realizará a volta á calma con Brain Gym ou loga), con xogos de dedos.

Encontro do grupo - Reúnense todos/as na zona da asemblea. Cada encargado explica o que fixo.

Asemblea, na que participa activamente todo aquel alumno/a que así o desexa, respectando sempre a quenda de palabra.

Traballo de aula: nos diferentes recantos, talleres, obradoiros ou desenvolvendo algunha actividade individual.

Rutinas de aseo, lavado de mans.

Merenda: As familias teñen á súa disposición unha serie de recomendacións de merendas saudables.

Recreo.

Volta á calma con Brain Gym ou loga.

A hora do conto.

Especialidades e/ou traballo en gran grupo.

Despedida: Recordatorio/valoración do traballado ó longo da mañá e saída ás 14 horas.

En canto á perspectiva didáctica, realízase dende un proceso de mestura rizomática xa que as ideas propostas na programación son o conxunto de apartacións que fixeron e fan outros profesionais da educación como María Montessori, John Dewey, Paulo Freire, Loris Malaguzzi; algúns profesionais máis ou menos mediáticos como David Bueno, Francisco Mora, Romera Morón, ou autores de outras procedencias como Howard Gardner, Seligman, Dra. Melodie de Jager e David Perkins.

Amáis, podemos destacar que temos moi en conta pedagogías como:

María Montessori (sobre todo no material empregado).

Reggio Emilia (estética, deseño dos espazos e espazos como minimundos e traballo coa luz -caixa de luz, luz negra, retroproyector-).

Emily Pikler (pola importancia do movemento).

Jean Ayres seguindo a súa Teoría da Integración Sensorial (como os sentidos captan as sensacións e repercute na aprendizaxe).

Desta maneira, os principios metodolóxicos que se terán en conta á hora de levar a cabo a labor docente son os seguintes: o constructivismo, a globalización, a actividade, a motivación, a individualización, o xogo, a creatividade, a socialización, a afectividade e aprendizaxe por descubrimento.

Tamén ten unha gran importancia a aprendizaxe vivencial e experiencial.

Serán de especial relevancia as emocións, os sentimentos, a afectividade e a sensopercepción.

Ademais disto, traballaránse as habilidades de pensamento dende tódalas áreas.

O diálogo e a comunicación constitúen outro recurso importantísimo dentro desta metodoloxía.

Dentro da xornada escolar os nenos e nenas farán propostas dispostas nos distintos espazos de aprendizaxe, pero tamén realizaremos talleres para adquirir e profundizar en contidos específicos da etapa.

Tamén traballamos a través de Proxectos onde pediremos colaboración e implicación das familias.

En canto ao profesorado, o papel fundamental deste, será potenciar no seu alumnado actividades de pensamento que lle axuden a involucrarse en proxectos con xogos e actividades como: observar, investigar, imaxinar, adiviñar, buscar alternativas, formular hipóteses, anticipar consecuencias..., ademais de proporcionarlles ferramentas para a construción de novas aprendizaxes.

O acompañamento que comezamos a realizar este curso farase desde a posición da escoita, dispoñible para as necesidades dos nenos/as, organizando o tempo e o espazo.

En canto o alumnado, é importante ofrecer ao alumnado situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien a realización das súas propias propostas, a toma de decisións, a posibilidade de anticipar as súas accións, a organización das actividades, os materiais e recursos que se van a empregar, que poderemos compartilos cos demais.

En canto os agrupamentos, que se realizarán actividades individuais, en pequeno grupo e subgrupo e gran grupo.

Con respecto a apertura ao contorno, aproveitarase o potencial educativo de saídas ao contorno próximo das aulas. Tamén continuaremos coas saídas á contorna e ós regatos ou ríos próximos a cada escola para seguir realizando diferentes actividades.

En relación cos plans anuais do centro, desenvolveranse varios plans: Plan de Convivencia, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, Plan de introdución das novas tecnoloxías da información e da comunicación e Plan de actividades complementarias e extraescolares.

No DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 9 establece as áreas da Educación Infantil, que son as seguintes:

Área de Comunicación e Representación da Realidade.

Área de Crecemento en Harmonía.

Área de Descubrimento e Exploración da Contorna.

Na intervención educativa nas tres áreas, o profesorado terá que considerar a relación entre os obxectivos da área e as competencias clave e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan no punto seguinte, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

A continuación sinalamos as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe das tres áreas:

Área de Comunicación e Representación da Realidade.

Unha acollida afectuosa cara ás mensaxes das nenas e dos nenos, o contacto físico e a atención plena por parte das

persoas adultas de referencia, como requisitos básicos para a construción dun vínculo de apego.  
Unha organización e xestión flexible dos tempos comunicativos respectando os intereses, ritmos e particularidades das nenas e dos nenos.  
O deseño de situacións de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos poidan empregar asiduamente os elementos básicos da comunicación oral, como a escoita atenta, o establecemento de quendas, darlle coherencia a un discurso, servir á secuenciación das propias accións, empregar formulas sociais de cortesía, xerar ideas, modelar a conduta, facer propostas ou expresar opcións e defendelas, entre outras.  
A inmersión na lingua escrita, poñendo énfase no seu aspecto funcional para a comunicación e aproximándose, progresivamente, aos elementos que rexen a lingua escrita convencional.  
Un acompañamento educativo que fomente a autoconfianza nas manifestacións e producións artísticas.  
Situacións de aprendizaxe onde a linguaxe musical e corporal vaian da man para un descubrimento e vivencial.  
A introdución natural, cotiá e contextualizada dos medios de comunicación visual e dixital no centro de educación infantil.  
O uso normalizado da lingua galega nos diversos ámbitos e situacións como medio para garantir o seu coñecemento práctico e axeitado ao remate do ensino obrigatorio.  
A especial valoración da biblioteca como fontes de información e espazos para o lecer e a creatividade.

#### Área de Crecemento en Harmonía.

Os coñecementos e experiencias previas como punto de partida para garantir a significatividade das aprendizaxes, buscando a funcionalidade do que aprenden.  
A apertura á comunidade e a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa consecuente participación na vida da escola.  
A procura de situacións educativas nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do seu esquema corporal.  
A participación en xogos e actividades psicomotrices en que se propicien as interaccións, favorecendo o desenvolvemento da empatía e da resiliencia.  
A atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.  
Unha atención individualizada adaptando a práctica pedagóxica ás características persoais, necesidades e intereses das nenas e dos nenos.  
O aproveitamento das rutinas e outras actividades cotiás como «momentos» significativos favorecedores do traballo globalizado.  
A planificación de situacións de aprendizaxe que fomenten o consumo responsable e sostible, así como a promoción da saúde.  
O deseño dun ambiente que dea resposta aos diferentes tipos de necesidades das nenas e nenos.  
A organización dos espazos individuais con outros comúns, distribuídos de xeito flexible coa potenciación dos exteriores, onde contribúan á autonomía das nenas e dos nenos.  
A creación de contextos seguros e emocionalmente positivos para que as nenas e os nenos adquiren confianza nas súas posibilidades e limitacións, como base para a expresión dos seus intereses, necesidades e emocións.  
A organización dos tempos da xornada combínanse tempos de rutinas cos destinados a outras actividades específicas e respectaranse as características e as necesidades das nenas e dos nenos.  
A recreación, a través do xogo simbólico, de situacións da vida cotiá buscando as interaccións cos demais desde a participación, a colaboración e a empatía, fomentando actitudes de axuda, colaboración e interacción positiva.  
A valoración da importancia da expresión de emocións e da autorregulación destas.

#### Área de Descubrimento e Exploración da Contorna.

A construción de sólidos vínculos afectivos entre o profesorado e o alumnado do grupo.  
O deseño de actividades motivadoras que respondan á diversidade do alumnado.  
A proposta de situacións de aprendizaxe contextualizadas a partir das súas experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade.  
A curiosidade, a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas e a busca de solucións de maneira autónoma e imaxinativa, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.  
A sensibilidade cara ao medio ambiente e a necesidade de actuar para preservalo fomentando o coidado e a mellora da contorna mediante a integración de hábitos de vida sans e sustentables.  
O achegamento á contorna próxima fomentando a súa exploración activa, o seu coñecemento, gozo e respecto.  
O deseño e a organización de ambientes de aprendizaxe amables e agradables que propicien a comodidade e a

seguridade.

A posta á disposición do alumnado de materiais adaptados ás súas características, o máis diversos posible e con múltiples posibilidades en función das necesidades.

O coidado na selección e utilización dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.

A organización flexible do tempo e dos espazos, adaptándose e respondendo ás características das tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos.

A valoración positiva das interaccións evitando as comparacións, a desvalorización, a estigmatización ou a ridiculización.

O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencie en todo momento actitudes de respecto e de apreio.

#### Metodoloxía (psicomotricidade)

A metodoloxía na intervención psicomotriz basearase fundamentalmente na práctica mediante o corpo entendido como unidade corporal, sendo o movemento e o xogo o principal eixo vertebrador da aprendizaxe, de expresión e de gozo desta acción.

O abano metodolóxico que se presentan nas sesións específicas de psicomotricidade irá dende as tarefas non definidas ás definidas, pasando por aquelas denominadas semidefinidas, sendo a propiocepción e a interacción do corpo co ambiente (o espazo, o tempo e os outros) os principais mecanismos de aprendizaxe, sendo o noso principal rol o de crear contextos que favorezan estas interaccións para logo acompañar a través da presenza, a mirada e a escoita atenta.

En resumo, o programa de intervención motriz pasa por crer nas capacidades do alumnado para constituír de forma autónoma a súa identidade, respectando e atendendo á etapa evolutiva na que se atope á hora de organizar, elaborar estratexias e establecer rutinas para que ese contexto de aprendizaxe que se cree no espazo de acción (aula ou contorna) se axeite á súa zona de desenvolvemento próximo.

#### Metodoloxía (Lingua Estranxeira)

Tendo en conta o Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a introdución temperá de linguas estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de educación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia, o inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe polo tanto ao longo da etapa o alumnado desenvolverá a súa competencia nas distintas linguas. O uso das diferentes linguas, incorporadas ás rutinas, xogos, cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Esta exposición inicial debe basearse no principio do que é a aprendizaxe en educación infantil: o enfoque globalizado e integrador das aprendizaxes. Débese lembrar que o alumnado de educación infantil se atopa nun período preoperacional, o que quere dicir que o seu mundo se constrúe en función da súa realidade inmediata no tempo e no espazo. Xa que logo, a percepción e a experimentación coa realidade presente e tanxible serán o referente fundamental para deseñar as actividades.

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, son fundamentais para a consecución das nosas intencións educativas.

O docente da tamén os apoios en infantil polo que se aproveitarán as rutinas e o tempo das merendas para afianzar e aumentar o vocabulario...

#### Materiais

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permiten distintos graos de uso; para iso, son o máis diversos posible, ofrecen múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

#### Material da aula:

Mascotas

Contos

Vídeos con cancións, contos e audicións

Láminas temáticas de fotos e ilustracións

Obxectos reais varios

Materiais funxibles e non funxibles da propia aula tales como plastilina, folios brancos e de cores, rotuladores,



punzóns, cartolinas...

Recursos visuais elaborados pola mestre e polo propio alumnado

Vídeos e cancións extraídos de internet

Uso da pizarra dixital na medida do posible.

**Metodoloxía (Música)**

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, neste caso a musical, expresiva (na súa dimensión artística) e dramática. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. Empregaremos diferentes

cancións, xogos rítmicos e melódicos, danzas, instrumentos musicais, contos, ferramentas tecnolóxicas e outros recursos.

Dentro da metodoloxía propia para música destacamos:

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais.

- Empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades.

- Teremos en conta, polo tanto: o principio de actividade, o principio de atención personalizada, o principio de creatividade, o principio de socialización e o principio de globalización.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
<p>Materiais para o aproximación á lectoescritura: papel, pinturas, contos, material bibliográfico diverso, pizarra dixital, murais, xornal, etc. Material de desfeita: tubos de papel hixiénico, botóns, caixas, tapóns de cortiza, piñas, tapóns etc. Que produzan sons: instrumentos musicais, etc. Que inviten ao xesto corporal: aros, cordas, pelotas, etc. Que estimulen o gráfico: pinturas, barro, papeis de distintas texturas, etc. Para medir, contar: bolas, chapas, pinzas, pompóns etc. Para observar: láminas de imaxes, lupas, etc. Ferramentas diversas: tesoiras, punzóns, etc. Materiais diversos nos recantos correspondentes: quebracabezas, disfraces, pezas para realizar construcións, coches, xogos de mesa (por exemplo, para exercitar a memoria), etc. Pizarra dixital interactiva (PDI). Ordenador portátil. Estudo de radio e TV (croma, cámaras, focos de iluminación, táblet, autofalantes), xogos lóxicos, disfraces, construcións xigantes, LEGOS...</p>

Como material didáctico, utilízase na aula todo aquel material ou recurso que contribúa a conseguir os obxectivos de aprendizaxe propostos.

Este material estará situada nas distintas aulas do CRA, sete en total, non moi amplas, polo que dentro destas temos unha división en pseudozonas: linguaxe, arte e creación, lóxica, sensorial, xogo simbólico.

Outro material máis específico está situado na Biblioteca e como parte dela, tamén na aula de Xuntanzas e Radio.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas recolleemos información do alumnado a través da observación, que logo poñemos en común co resto do profesorado, incluído o Departamento de Orientación, nunha sesión de Avaliación Inicial.

A partir do conxunto de información obtida do anteriormente citado, tratarase co Departamento de Orientación, ou cando menos, comunicarase, e a través da titoría aquelas medidas que xa pode realizar o profesorado que intervéñen co alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os CA da presente programación serán avaliados empregando a observación directa, recollendo os datos obtidos na mesma en diferentes táboas de indicadores.

### Criterios de recuperación:

Non aplicable en EI

## 6. Medidas de atención á diversidade

A LOE modificada pola LOMCE e posterior LOMLOE, remarca como principios básicos unha educación de calidade para todo o alumnado, o esforzo compartido de todas as persoas que compoñen a comunidade educativa; e a equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades. Dentro desde principio, merece especial mención a atención á diversidade, que segundo o establecido no Artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de 7 de decembro pode definirse, como o conxunto de medidas e acción que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concentrarse nas propostas curriculares, organizativas e de xestión do centro.

O C.R.A de Meis debe dar unha resposta adaptada, potenciadora e compensadora das diferenzas individuais de todo o alumnado no marco normalizado do propio centro e da comunidade educativa a partir do principio básico de respecto ás diferenzas e a súa consideración como un elemento enriquecedor para a sociedade. A atención integral ao alumnado iniciárase dende o mesmo momento en que sexan detectadas as necesidades e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

A nivel xeral teranse en conta:

- Respetar a individualidade de cada neno e nena.
- Admitir a diversidade como algo substancial na aula.
- Modificar os tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptando os ritmos individuais.
- Adecuar a axuda pedagóxica e a metodoloxía ás necesidades do momento e os resultados da avaliación.
- Adecuar as actividades ás diferenzas individuais.
- Fomentar a práctica de dinámicas cooperativas (traballo por proxectos, grupos de especialistas, tarefas e responsabilidades compartidas, titoría entre iguais...) xa que é unha ferramenta eficaz de atención á diversidade que mellora as relacións e o clima afectivo da aula e o recoñecemento das distintas habilidades e capacidades de cada individuo.

### DETERMINACIÓN DOS NENOS/AS OBXECTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA

Para a determinación dos nenos obxecto de atención específica seguiremos o seguinte proceso, que pode xurdir de dous ámbitos diferentes:

A)-O profesor/a e/ou titor/a, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta

necesidades educativas (retraso, alteracións, dificultades, problemas...) nalgún/s ámbitos de desenvolvemento nun alumno determinado.

A.1.- Recopila información: Análise do expediente da alumna, observación na aula e avaliación inicial.

A.2.- Intercambia información coa familia.

A.3.- Tenta dar resposta ás necesidades que existen no centro con medidas ordinarias de forma normalizada.

B)- A familia, que detecta necesidades neste ámbito e o comunica ao titor, ou ao Departamento de Orientación do centro.

Cando a resposta ás necesidades específicas de apoio educativo non poden ser resoltas nin polo profesorado titor no seu ámbito ,nin pola familia, entón dende os dous ámbitos se demanda a colaboración ao Departamento de Orientación (a través dun modelo de solicitude de intervención do D.O), e no caso de que éste precise asesoramento para realizar esta avaliación psicopedagóxica solicita a intervención do E.O.E, quen valora o caso (concretado nun Informe psicopedagóxico resumo da avaliación psicopedagóxica realizada- cando se dan as condicións establecidas na Orde do 8 de setembro de 2021), e determina as medidas educativas a adoptar. Os pais estarán informados das medidas dispostas.

Se as necesidades detectadas precisan Adaptacións Curriculares Significativas (ACS), elaborárase un D.I.A.C onde se recollan as modificacións e o tipo de atención.

Neste proceso identifícase o seguinte tipo de alumnado:

Alumnado sen necesidades específicas de apoio educativo, pero que, por diversas razóns manifestan:

Ter desfase con respecto ao seu grupo, de forma temporal, nas técnicas instrumentais.

Ter problemas no ritmo de aprendizaxe.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

Serán aqueles que, ademais das axudas habituais, necesitan recibir outro tipo de axudas pedagóxicas e/ou servizos menos usuais. As necesidades xorden como consecuencia da distinta adaptación, ou falla de adaptación, d@s alumn@s ao ritmo e tipos de aprendizaxes do grupo ao que se adscriben. Consideramos dous tipos:

N.E.A.E. TEMPORAIS. Serán as que, entendemos, nun proceso continuo de observación, esixen a adaptación dunha parte do currículo ás características que presenta un/unha alumno nun momento do seu desenvolvemento. Podemos asimilalas ás dificultades de aprendizaxe e teñen carácter transitorio.

N.E.A.E. PERMANENTES Serán as que esixan unha adaptación xeneralizada do currículo escolar ás características dun alumno e que suporán que se manteña a atención durante todo ou a gran parte do seu desenvolvemento escolar. Fan referencia a n.e.e. de suxeitos con significativas alteracións no seu desenvolvemento. Distinguímos:

1. Necesidades de carácter intelectual
2. Necesidades de carácter sensorial
3. Necesidades de carácter físico-motórico
4. Necesidades de carácter afectivo-emocional

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e a xestión emocional	X
ET.2 - Movemento e os hábitos de control corporal	X
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe	X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X
ET.5 - Descubrimento da contorna	X

	UD 1
ET.6 - Educación en valores	X
ET.7 - educación para o consumo	X
ET.8 - Educación para a saúde	X
ET.9 - Autonomía persoal	X
ET.10 - Diversidade familiar	X

### Observacións:

Estes elementos transversais desenvolveranse ao longo do traballo da unidade didáctica e as distintas actividades complementarias programadas para este curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samain/Magosto:	Celebrarase o 30 de outubro. Xuntarémonos tódalas escolas do CRA para esta celebración na que os docentes representarán un conto de medo. O alumnado poderá disfrazarse coa temática do Samaín e participará en diversos xogos populares relacionados co conto e a degustación de castañas asadas. As familias poderán asistir para a degustación de castañas.	X		
Día universal da Infancia	(20 de novembro): Leremos un conto relacionado coa temática, aínda por determinar.	X		
Día contra da Violencia de Xénero	(25 de novembro): Realizaremos unha celebración conxunta na que se traballe a igualdade entre nenos e nenas a través dun contacontos	X		
Día Internacional das persoas con discapacidade	(3 de decembro): Actividades por determinar.	X		
Día Internacional da Paz	(30 de xaneiro): Obradoiro de arte-sensorial.		X	
Entroido	Desfile de Entroido coa temática do PDI do centro.		X	
Día de Rosalía	(23 de febreiro): realizaranse actividades relacionadas coa vida e obra da escritora.		X	
Día Internacional da Muller	(8 de marzo): Participaremos no Concurso de carteis "DÍA DA MULLER 2025" que realiza tódolos anos o noso concello, xunto cos outros centros do mesmo. Quedando pendente de concretar cos equipos de biblioteca e dinamización da lingua galega a realización de outra actividade.		X	
Semana da prensa	(do 10 ó 14 de marzo): Actividades realizadas en conxunto cos equipos de biblioteca e dinamización da lingua galega..		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das Artes Galegas	(1 de abril): Actividade por determinar.		X	
Día Mundial da saúde	(7 de abril) :Realizaremos unha actividade que fomenta a actividade física na natureza e/ou relacionada coa alimentación saudable.		X	
Semana do libro	(do 22 ó 25 de abril): Actividades realizadas en conxunto cos equipos de biblioteca e dinamización. VII Picnic Literario con busca de libros na natureza, lectura de contos en familias e actuación musical.			X
Semana das Letras Galegas	(do 12 ó 16 de maio): Actividades relacionadas co Cancioneiro popular e o folclore galego.			X
Día mundial do Medio Ambiente	(5 de xuño): Actividade pendente de concretar co equipo de Proxecto Ríos e Voz Natura.			X
Festa de fin de curso:	(derradeira semana de curso) Realizarase unha actividade para cerrar o curso escolar na que se procederá á entrega de diplomas para o alumnado de 6º de Infantil. As actividades quedarán pendentes de organización atendendo ao orzamento e á posibilidade de contratar contacontos e/ou diferentes actuacións ou mesmo actividades de carácter lúdico.			X

#### Observacións:

O responsable primario na encomenda de promover, programar e deseñar este tipo de actividades será o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, o cal contará coa colaboración nalgúnhas das mesmas do EDLG, tanto a nivel de programación coma de financiamento, de selo caso.

Tamén se traballará en coordinación co equipo de Biblioteca, xa que se dará pulo a aquelas actividades que fomenten a lectura (contacontos, celebración do día da biblioteca, día do libro...). Co equipo encargado do fomento das TIC (na divulgación de actividades extraescolares de interese para as familias, achegando información por medio da web, etc.) e ca Coordinadora de ciclo.

Tamén co Concello de Meis e tamén coas familias que colaboran nalgúnhas actividades e promove outras. Ademais tamén se realizarán Saídas e visitas escolares:

O carácter aberto desta programación concrétase na posibilidade de propoñer actividades novas ou diferentes co fin de acadar unha relación máis aberta e dinámica entre a realización das actividades e as características do alumnado buscando sempre o máximo aproveitamento pedagóxico.

Nestes momentos non temos saídas programadas, estando pendentes de concretar os proxectos a realizar.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño da Unidade Didáctica ás características e necesidades do alumnado
Funcionalidade da programación deseñada, revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos

Utilizáronse diferentes actividades para levar a cabo a observación na avaliación
<b>Metodoloxía empregada</b>
A metodoloxía empregada foi útil para acadar os obxectivos propostos.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Os espazos, materiais e os tempos programados foron suficientes e axeitados para as actividades programadas
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas
<b>Clima de traballo na aula</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Compartiuse información entre o profesorado que atende ao alumnado
Conseguíuse a participación das familias nas actividades propostas.

**Descrición:**

Debido ao carácter flexible da programación nas distintas reunións semanais que se realizan no centro, a través do diálogo íranse facendo modificacións segundo vaian xurdindo as diferentes necesidades.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Como é unha programación aberta e flexible írase modificando ó longo do curso segundo vaian xurdindo as diferentes necesidades.

**9. Outros apartados**